

O NOSO PLANETA, OS NOSOS DEREITOS

Educación,
dereitos de infancia
e **cambio climático**

© UNICEF/UN056164/Sokhin



Movémonos polo noso dereito a un medio ambiente saudable!



O 20 de novembro é o día no que todos celebramos os dereitos da infancia: é unha data para o coñecemento, o compromiso e a acción. Este curso propoñemos transformar o día nun gran momento para comunicar que o cambio climático é cousa da infancia e que nenos, nenas e adolescentes teñen moito que dicir e facer sobre este problema.

Convidámosvos a crear durante o primeiro trimestre un caderno de misión para toda a clase, onde establezades un obxectivo conxunto polo medio ambiente cos compromisos e metas de cada participante. Descarga o teu caderno de misión personalizado en

www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

#1001ProyectosXelPlaneta

20NOV
DÍA DA INFANCIA



© UNICEF/UN062277/Sokhin

Educación, dereitos de infancia e cambio climático

É posible que mentres te formabas para traballar en educación nunca pensases que loitar contra o cambio climático estaría entre os teus obxectivos. Se o tema che interesou, quizais non o relacionases coa infancia e os seus dereitos. Pois ben, agora a túa contribución a esta causa é insubstituíble e inaprazable. Nesta guía ofrecémosche algunhas ideas e propostas para demostrarcho. Gustaríanos que nos acompañases neste camiño e que participases co teu centro ou aula nunha gran mobilización polo planeta no Día da Infancia. Contamos contigo!

A educación é un elemento chave na resposta ao cambio climático: o seu papel é imprescindible para que cada neno ou nena adquiera os coñecementos, habilidades, actitudes, competencias e valores necesarios para dar forma a un futuro sustentable. Educar sobre o cambio climático, o medioambiente e o desenvolvemento sustentable vai máis aló da clase de ciencias e supera ao ámbito da aula: afecta a todos os compoñentes do sistema educativo, é transversal ao curriculum e leva a promover un modelo de aprendizaxe que dura toda a vida. Ademais, propón metodoloxías de aprendizaxe para promover o pensamento crítico, habilidades de resolución de problemas, e competencias para predicir eventos en contextos cambiantes e para actuar sobre estes de maneira colaborativa.

Ademais, educar sobre a relación entre o medioambiente e os dereitos da infancia é un imperativo ético: O cambio climático está a ter un impacto desproporcionado na infancia e adolescencia e é especialmente inxusto para os nenos e nenas xa que, sendo quen ten menos responsabilidade no problema, son e serán quen máis sufran as súas consecuencias.

O presente e o futuro dos nenos e nenas dependen do que os adultos fagamos por eles e do que lles ensinemos a facer por si mesmos. En apenas 18 anos, un neno ou nena nacido hoxe será unha persoa adulta con plena responsabilidade sobre as decisións que tome como consumidora, traballadora, líder, votante, política ou figura pública respecto ao medio ambiente. Como educadores e educadoras, temos a oportunidade de ofrecerlles coñecemento, de inspirarlles unha actitude crítica e responsable e de favorecer o desenvolvemento de competencias que lles permitan ser parte dunha cidadanía activa e comprometida.

Nesta guía resúmense algunhas ideas que, sen ser exhaustivas, poden servir de inspiración a aqueles centros e docentes que queiran abordar o cambio climático desde os dereitos da infancia, fomentando a participación e a responsabilidade do alumnado, tanto na súa contorna máis próxima (centro educativo, barrio, municipio) como en relación á dimensión global do problema.

Propóñense conceptos sobre os que é posible traballar en cada etapa e obxectivos de aprendizaxe adaptados a cada nivel educativo. Algúns deles son moi específicos sobre cambio climático e outros refírense a aprendizaxes máis xerais que son necesarios para a adquisición de actitudes e competencias de conciencia, responsabilidade e toma de decisións respecto ao medioambiente e os dereitos da infancia.

ACTIVIDADES E RECURSOS

EDUCACIÓN INFANTIL

O cambio climático é cousa de nenos? Indubidablemente: en todo o mundo, **os nenos e nenas máis pequenos son os máis vulnerables ás consecuencias do cambio climático**: ondas de calor e de frío, desastres naturais, seca... É a nosa responsabilidade educalos para estar preparados fronte a eses sucesos. Con todo, non sería efectivo tentar explicarlles o cambio climático, xa que antes de certa idade é moi difícil entender por que a atmosfera (unha capa de gases que non podemos ver) pode ter tanto impacto nas nosas vidas. **Os nenos e nenas máis pequenos poden dar os seus primeiros pasos na defensa do seu dereito a un medioambiente saudable** a través de valores de aprecio á natureza, protección fronte a riscos e convivencia. A Terra ten calor e hai que axudala!

IDEAS PARA DESENVOLVER:

- A Terra é o noso fogar e o de todos os seres vivos.
- Temos que coidar a contorna e a natureza como coidamos da nosa casa e das nosas cousas.
- O vento, a choiva, a neve, o sol... son necesarios e ata divertidos pero hai que saber protexerse deles.
- Se aprendemos a protexernos, poderemos gozar máis da natureza.
- Os recursos da natureza son limitados e hai que coidalos.
- Nunca se é demasiado pequeno para facer algo polo planeta.

CONCEPTOS CHAVE

- Protección
- Convivencia
- Coidado
- Natureza
- Respecto
- Contorna
- Autoconfianza

Aprendizaxes para toda a vida

Aínda que é demasiado cedo para entender as complexidades do clima ou para poder planificar accións para frear o cambio climático, en Educación Infantil pódense sentar as bases de aprendizaxes que permitirán a nenos e nenas desenvolverse como cidadáns conscientes e responsables da contorna natural.



Rima con clima!

A Terra está abafada.
Quen a desabafará?
O desabafador que a desabafe,
bo desabafador será.

Descubre máis "Rimas tolas
para climas tolos" en
[www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/
rimas-tolas-climas-tolos](http://www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/rimas-tolas-climas-tolos)

Máis información
sobre a adaptación
de contidos e
proxectos
medioambientais
por idades na
páxina 17.

Os tres porquiños e o vento feroz

"Soprou e soprou... e a súa casa derrubou".
Ás veces, os contos clásicos ofrecen a oportunidade de seren reinterpretados para tratar temas de actualidade cos máis pequenos. Por exemplo, *Os tres porquiños* pode narrarse para destacar a importancia de **aprender a estar preparados fronte aos desastres**.

Descarga o conto e a súa unidade didáctica en [www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/
tres-porquinos-vento-feroz](http://www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/tres-porquinos-vento-feroz)



20 NOV

#1001ProyectosXelPlaneta

Ademais podemos inspirarnos no conto para crear un plan de acción que nos axude a protexernos e celebrar o noso compromiso cos dereitos da infancia e o clima no **Día da Infancia** (20 de novembro). Entre todos podemos impulsar máis de 1001 proxectos polo planeta! Descarga a guía de proxecto e o caderno de misión en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

ACTIVIDADES E RECURSOS

EDUCACIÓN PRIMARIA

Unha das principais dificultades ás que se enfrontan os programas de educación sobre o cambio climático é a **percepción de que se trata dun problema afastado** que se xera noutros países, que afecta a outras persoas e que é **responsabilidade de xente con máis poder**. É importante que, a partir de certa idade, os nosos alumnos e alumnas poidan entender que o clima funciona como un sistema complexo, cuxos cambios responden a diferentes causas, non teñen responsables únicos, as súas consecuencias non son totalmente predicibles e poden afectarnos de modo directo ou indirecto. Este é un bo momento para expor as **relacións entre o cambio climático e o noso estilo de vida**, desde unha dobre perspectiva: como os nosos modelos de consumo inflúen no quecemento global e como o cambio climático pode chegar a obrigarnos a cambiar os nosos hábitos.

IDEAS PARA DESENVOLVER

- O clima dun determinado lugar está xerado polo sistema climático, que é complexo, dinámico e global.
- O clima e o tempo son dous conceptos relacionados pero diferentes e é moi importante saber distinguilos.
- As alteracións no clima poden afectar permanentemente ao modo no que vivimos, dificultando o acceso á auga e á alimentación, expandindo enfermidades, obrigándonos a mudarnos a outro lugar ou limitando a nosa posibilidade de traballar.
- No mundo xa hai máis refuxiados climáticos que refuxiados a fuxir de guerras.
- As persoas e colectivos máis vulnerables (entre eles, as nenas e nenos) sofren máis as consecuencias do cambio climático.
- Fronte ao cambio climático podemos adoptar dúas estratexias: a mitigación e a adaptación.
- Os nosos hábitos de consumo, como as compras, o tipo de alimentación, o transporte ou o aforro de enerxía, inflúen na emisión de gases de efecto invernadoiro e forman parte das estratexias de mitigación.
- A nosa capacidade de adaptación ao cambio climático depende de que aprendamos a recoñecer e facer fronte ás consecuencias do quecemento global na nosa contorna. Temos dereito a coñecer como protexernos fronte a desastres naturais.



CONCEPTOS CHAVE

- | | |
|---------------------------|--------------------|
| • Interdependencia | • Prevención |
| • Resolución de problemas | • Control |
| • Impacto | • Elección |
| • Protección | • Resiliencia |
| • Convivencia | • Adaptación |
| • Evolución | • Toma de decisión |
| • Intereses | • Consecuencias |
| • Previsión | • Sustentabilidade |

- A importancia do uso de datos e fontes de información pertinentes.
- Conceptos básicos do cambio climático e para o coidado do medio ambiente.
- A importancia dos recursos naturais para a nosa vida diaria e para a economía.
- Como detectar e evitar os riscos da nosa contorna cotiá e preparación básica para desastres probables na nosa contorna (secas, inundacións, ondas de calor?)
- Os factores históricos e as consecuencias futuras das accións presentes para nós, os demais e a nosa contorna local.
- Os ciclos ecolóxicos básicos (o ciclo da auga, o ciclo dos nutrientes...)
- A relación entre os riscos, as ameazas e as vulnerabilidades.
- As normas sociais e o comportamento colectivo como factor de risco e tamén como factor de protección.

COÑECEMENTOS

Que podemos aprender do cambio climático?



ACTITUDES


- Preocupación e aprecio polo medio ambiente local.
- Respeto e empatía polas persoas en diferentes circunstancias e con diferentes opinións.
- Apreciación do coñecemento local da contorna e das adaptacións culturais ao mesmo.
- Conciencia dos dereitos e as responsabilidades, con respecto a si mesmos e aos outros, na protección do medio ambiente e a redución de riscos.
- Responsabilidade no uso dos recursos ambientais.

COMPETENCIAS

- Comunicarse de maneira aberta e respectuosa acerca de vivir en harmonía co medio ambiente local e a prevención de riscos.
- Identificar os recursos naturais locais utilizados normalmente e os seus usos (por exemplo, como materias primas).
- Revisar as nosas prácticas cotiás e implementar cambios para coidar mellor o medio ambiente.
- Capacidade de recoñecer e abordar o medo, a dor e a perda.
- Buscar axuda cando sexa necesario.
- Diferenciar entre causas, consecuencias e relacións.

Que podo facer eu?

Sentir que a solución aos problemas que nos afectan está fóra do noso alcance é unha sensación tan frustrante que pode levarnos a **desentendernos tanto do problema como da súa solución**. Por iso en Primaria é importante centrar os esforzos educativos naqueles aspectos do problema que, tendo impacto real, poden ser levados a cabo polos propios nenos e nenas ou logrados por outros grazas á súa influencia. Isto motivará ao noso alumnado para seguir avanzando en proxectos cada vez máis complexos e que requiran un maior compromiso a medida que crecen.



A chave deste proceso de reflexión é descubrir que as nosas accións teñen máis capacidade de impacto cando **traballamos en equipo e nos apoiamos nunha rede de relacións**. Para que cada estudante poida facer un mapa realista do impacto das súas accións pode ser útil debuxar un mapa de influencia como o da imaxe para descubrir:

- Que podo facer eu?: por exemplo, reciclar o papel dos meus cadernos, coidar unha maceta ou debuxar unha pancarta.
- Quen me pode axudar ou a quen podo convencer directamente?: por exemplo, podo pedirlle á miña profesora que anime a outros nenos para reciclar os seus cadernos, podo pedirlle ao meu pai que me leve a un viveiro ou conseguir que a miña irmá me axude a debuxar a pancarta.
- Ata onde podo estender a miña influencia?: a miña profesora pode axudarme a que o colexio inicie un plan de reciclaxe de cadernos ou a miña irmá pode convencer ás súas amigas para que me axuden na miña campaña.
- Onde é difícil que consiga algo?: é moi custoso chegar a quen non coñecemos polo que, para lograr conseguir os nosos obxectivos, debemos ser realistas. Isto non impide que podamos imaxinar formas de ampliar o alcance: facemos un podcast que poidan escoitar outros colexios?, escribimos unha carta ao concello?, pedimos ao noso pai que faga unha petición en Twitter?



20 NOV

#1001ProyectosXelPlaneta

Involucra a toda a clase nun plan de acción e celebra o voso compromiso cos dereitos da infancia e o clima o **Día da Infancia** (20 de novembro). Entre todos podemos impulsar máis de 1001 proxectos polo planeta! Descarga a guía de proxecto e o caderno de misión en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

ACTIVIDADES E RECURSOS

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Durante a adolescencia prodúcese un importante avance das capacidades de desenvolvemento ético e moral que é fundamental para a comprensión social de fenómenos como o cambio climático. Nesta etapa educativa, os estudantes poden dar o paso desde a responsabilidade individual e cotiá no coidado do medio ambiente cara á **definición do seu impacto como cidadáns cunha dimensión participativa e democrática**. En Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e etapas posteriores, os nosos alumnos e alumnas poderán explorar algunhas posibilidades de acción que antes non estaban do todo ao seu alcance: o aprendizaxe-servizo, o emprendemento social, o asociacionismo e a participación política.

IDEAS PARA DESENVOLVER

- O cambio climático é unha cuestión científicamente establecida pero sobre a que existe controversia ideolóxica e mediática. Para lograr unha visión crítica e informada é importante poder distinguir entre as motivacións e métodos da ciencia e os de distintos grupos de influencia.
- O cambio climático é un tema principalmente estudado polos científicos do clima (climatólogos) pero que ten impactos sociais, culturais, económicos, legais, de saúde ou de dereitos humanos que son abordados por outros especialistas. O cambio climático é un problema cuxas posibles solucións son multidisciplinares.
- As alteracións no clima afectan a distintas persoas, comunidades e grupos de interese de diferentes modos, o que pode dificultar a consecución de acordos e a posta en práctica de solucións comúns.
- As persoas actuamos dentro dun contexto social que nos axuda a adaptarnos á contorna natural, xa sexa de maneira sustentable ou insustentable. Para lograr a sustentabilidade pode ser necesario promover cambios culturais e tecnolóxicos.
- Temos que ter en conta as diferentes dimensións que poden interactuar cando queremos achegar solucións ao quecemento global: ademais da abordaxe lóxica ou racional, hai que considerar dimensións legais, técnicas, económicas, culturais, políticas, emocionais...
- Os nenos, nenas e adolescentes non son responsables directos do nivel actual de quecemento global, pero viven afectados polas súas consecuencias e, coa axuda das xeracións precedentes, necesitan atopar solucións para que o seu propio futuro sexa sustentable, porque forma parte dos seus dereitos á participación e a un medioambiente saudable.

CONCEPTOS CHAVE

- Toma de decisións
- Criterio
- Controversia
- Xustiza social
- Interdependencia
- Mediación
- Acción
- Pluralismo
- Globalización
- Sistemas
- Repercusión
- Procesos
- Negociación
- Adaptación
- Provisión
- Sustentabilidade



CC0 Jason Rosewell



© UNICEF/UN028841/Tremeau



Que podemos aprender do cambio climático?

En Educación Secundaria e etapas posteriores pódense aprender moitas cousas do cambio climático alén da clase de ciencias. Moitas das solucións e adaptacións necesarias para facer fronte ao quecemento global non pertencen estritamente ao ámbito da ciencia, senón á tecnoloxía, a educación, a economía, a industria ou o cambio social.

Os estudantes, sexa cal for a súa orientación vocacional, poden incorporar estas aprendizaxes, actitudes e competencias ao seu desenvolvemento académico, persoal, profesional e cidadán.

COÑECEMENTOS

- Como identificar e analizar a información pertinente: que criterios indican que unha información é fiable, como distinguir a divulgación científica de calidade e que requisitos debe cumprir o método científico.
- Conceptos de adaptación ao cambio climático e mitigación.
- Ciclos locais ecolóxicos (por exemplo, auga, nutrientes) necesarios para manter os recursos locais; a súa interacción con outros factores ambientais, sociais e económicos.
- O ciclo de vida dos produtos de consumo e os conceptos de coidado do medio ambiente (incluída a reutilización, a reciclaxe e a conservación dos recursos ambientais).
- Os conflitos de intereses entre os distintos actores implicados no quecemento global e afectados por el (a industria, a produción alimentaria, o sistema sanitario, os consumidores, o turismo, os refuxiados climáticos, os pequenos agricultores, o sector público).
- A interacción das accións locais e mundiais e as súas posibles consecuencias en materia de cambio climático.
- Conceptos de preparación fronte a desastres naturais e como determinar os riscos, ameazas e vulnerabilidades locais e as súas interrelacións.
- Influencia das normas sociais e dos comportamentos colectivos sobre as condutas de risco e de protección.

ACTITUDES

- Preocupación pola sustentabilidade ambiental e o risco de desastres.
- Coñecemento dos nosos dereitos e responsabilidades, e os dos demais, incluídos os grupos indíxenas e as comunidades locais, na xestión ambiental e a redución do risco de desastres.
- Responsabilidade persoal no uso dos recursos ambientais e reivindicación das responsabilidades compartidas: sociais, económicas e políticas.
- Consideración do impacto ambiental e social dos bens de consumo antes de compralos.
- Aprecio pola complexidade e interaccións das cuestións ambientais, económicas e sociais.

COMPETENCIAS

- Comunicarse de maneira aberta e respectuosa acerca da importancia de vivir en harmonía co medio ambiente local e de reducir os riscos ambientais.
- Dar exemplos sobre como colaborar no coidado do medio ambiente, a adaptación ao cambio climático e a mitigación e a redución do risco de desastres.
- Identificar e utilizar de maneira sustentable os recursos naturais locais.
- Actuar a nivel local para preservar o medio ambiente e para reducir o risco.
- Exercer os dereitos e responsabilidades dunha cidadanía activa para lograr obxectivos sociais positivos.
- Facer fronte de maneira efectiva ás resistencias, o risco, o medo, a dor e a perda.
- Capacidade para xerar e manter redes de apoio.

PROXECTOS DE ÉXITO

Un proxecto educativo relacionado co cambio climático ten máis probabilidades de éxito se parte dunha base de participación infantil e xuvenil: sendo planificado, desenvolvido e implementado polos estudantes, en colaboración co resto da comunidade educativa. Para lograr os obxectivos educativos do proxecto (ademais dos beneficios ambientais e sociais programados), é necesario que os estudantes se apropien del e o "fagan seu". Como facilitadores, podemos dar apoio axudándolles a **identificar os temas que consideran importantes, a expor solucións que cren que funcionarán e a idear propostas de acción ao seu alcance**. Á dereita, propoñémosche un breve esquema para o deseño de accións.

PASO 1: Coñecer máis sobre o cambio climático e o seu impacto en distintos ámbitos (medio ambiente, sociedade, economía, saúde, traballo, migracións...)

PASO 2: Identificar o problema concreto sobre o que queremos traballar na nosa contorna.

PASO 3: Planificar a nosa acción.

PASO 4: Actuar.

PASO 5: Comunicar o noso proxecto e ampliar o seu impacto, valorando se podemos involucrar a outros membros da comunidade ou á administración local.

PASO 6: Reflexionar, avaliar, facer análise de leccións aprendidas e propoñer melloras.

PASO 7: Definir os próximos pasos e, se é necesario, reiniciar o ciclo cun novo proxecto.



© UNICEF/UNI118526/Noorani



20 NOV

#1001ProyectosXelPlaneta

Involucra a toda a clase nun plan de acción e celebra o voso compromiso cos dereitos da infancia e o clima o **Día da Infancia** (20 de novembro). Entre todos podemos impulsar máis de 1001 proxectos polo planeta! Descarga a guía de proxecto e o caderno de misión en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

Do coñecemento á acción

A mitigación e a adaptación ao cambio climático son estratexias baseadas no cambio de comportamento: tanto se o obxectivo é reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro (mitigación) coma se queremos superar as consecuencias do quecemento global (adaptación), é necesario cambiar hábitos, costumes e modos de actuar. Que papel xoga a educación neste cambio de condutas?

Na maioría dos países desenvolvidos e nun número cada vez maior de países en desenvolvemento, o cambio climático forma parte do **currículum oficial**, principalmente dentro das materias relacionadas con ciencias naturais e coñecemento do medio. Nas últimas décadas publicáronse unha **gran cantidade de materiais educativos** e a oferta de información adaptada para públicos infantís e xuvenís é completa e abundante. Con todo, estudos en diferentes países alertan de que as actitudes pro-ambientais nos máis novos están en declive. Moitos programas de educación sobre cambio climático buscan aumentar a conciencia dos

problemas coa esperanza de que isto motive ao alumnado para cambiar as cousas. Aínda así, **o saber máis sobre un problema non conduce por si só a un cambio de comportamento**, especialmente se carecemos da confianza, a capacidade ou a vontade para tomar as medidas necesarias. A capacitación, o empoderamento e a asunción de responsabilidades son elementos educativos cruciais para lograr que os máis novos entendan como lles afecta o cambio climático, definan o seu papel na solución do problema e se involucren na acción contra o quecemento global como cidadáns activos.

PROGRAMAS XEITOSOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

1. Enfócanse en cambios de conduta específicos e conseguibles.

2. Animán á planificación de accións e facilitan o empoderamento.

3. Avalían e desafían as condutas e sistemas actuais.

4. Identifican e abordan as barreiras que existen para a acción.

5. Desenvolven e poñen en práctica habilidades executivas relevantes.

6. Promoven unha conexión coa natureza.

7. Promoven un espazo público para actuar.

8. Animán á difusión de propostas e resultados en comunidades e redes sociais.

9. Avalían o cambio conductual logrado e celebran os éxitos conseguidos.

Algúns aspectos de mellora educativa serían, por exemplo:

- A énfase na adquisición de habilidades transferibles.
- A posibilidade de que os estudantes participen na mellora da súa contorna próxima.
- O deseño de proxectos que permitan a nenos, nenas e adolescentes ser parte da solución.

Nuns casos pode ser útil salientar estratexias concretas, noutros pode ser apropiado un enfoque moi global e, noutros, realizar abordaxes puntuais.



Un traballo de toda a comunidade educativa

Para que a educación para o desenvolvemento sustentable teña un enfoque de dereitos da infancia e de cidadanía global é necesario un esforzo que involucra a todo o centro e que aúna aspectos curriculares, metodolóxicos, de organización escolar e de participación da comunidade.

1. APRENDIZAXE: Promover o desenvolvemento de coñecementos, actitudes e competencias relacionadas coa protección do medio ambiente e a promoción do desenvolvemento sustentable.

2. METODOLOXÍAS: Propoñer metodoloxías de aprendizaxe que promovan o pensamento crítico, o desenvolvemento de habilidades de resolución de problemas e a capacidade para anticipar situacións que afectan os ecosistemas naturais e humanos e actuar sobre elas de maneira preventiva e colaborativa.

3. INTERDEPENDENCIA: Fomentar a comprensión das complexidades e interconexións dos diversos desafíos expostos polo cambio climático, incluíndo a aprendizaxe sobre as súas causas e efectos, así como as posibles

respostas ao noso alcance, proporcionando unha perspectiva transversal e multidisciplinar.

4. DEREITOS: Fomentar unha perspectiva de educación en dereitos, favorecendo a comprensión das cuestións sociais e de dereitos humanos relacionadas co cambio climático, con especial atención aos dereitos da infancia.

5. AFRONTAMENTO: Desenvolver competencias no campo da resposta e adaptación ao cambio climático, como a toma decisións informadas, o afrontamento ante desastres naturais e o desenvolvemento de estratexias de redución de riscos.

6. MITIGACIÓN: Mobilizar accións responsables que contribúan a reducir as emisións de gases de efecto

invernadoiro a través de estilos de vida máis sustentables.

7. PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE: Xerar espazos e oportunidades de participación que permitan ao alumnado a acción sobre o cambio climático desde o seu papel cidadán.

8. PROXECTOS: Fomentar desde a escola a participación infantil e xuvenil en proxectos de mellora da contorna, por exemplo a través do aprendizaxe-servizo.

9. AXENDA 21: Desenvolver un enfoque de centros educativos sustentables que, coa participación do alumnado, teñan como obxectivo reducir o impacto ambiental do propio centro, con medidas adaptadas ao contexto social, xeográfico e económico da comunidade e enlazando coa Axenda 21 local.



CC By-SA-4.0 Lalobiozar

O cambio climático como parte dun proxecto de Educación en Dereitos


Un programa de acción sobre o cambio climático que involucre ao centro educativo no seu conxunto aborda os catro ámbitos da Educación en Dereitos de Infancia e Cidadanía Global: coñecemento, protección da infancia, participación e clima escolar. Partindo da realidade de cada centro educativo e do seu contexto, é posible:

- Formar un comité sobre o cambio climático, coa participación do alumnado.
- Preparar un plan de acción: con obxectivos específicos, medibles, alcanzables e realistas.
- Levar a cabo unha avaliación ambiental (illamento térmico do edificio, eficiencia enerxética, consumo de papel, hábitos positivos...)
- Supervisar e avaliar o plan.
- Informar e involucrar á comunidade educativa.

Infórmate sobre como iniciar un proxecto de educación en dereitos en www.unicef.es/educa


A que idade?

Un motivo común de frustración na solución de problemas é que estes non estean adaptados ás capacidades de quen ten que solucionarlos. O que para un neno pequeno pode ser complexo e inabarcable, para unha adolescente pode resultar demasiado simple e desmotivador. Axustar os proxectos ás competencias e ao desenvolvemento dos nosos estudantes é un primeiro paso cara ao éxito.



Adaptado de Iltus, Selim: Educación sobre el cambio climático y el medio ambiente. UNICEF, Nueva York, 2012

Adaptado de Baumert, K.A.; Herzog, J.; Pershing, J.: Navigating the numbers: Greenhouse gas data and International Climate Policy. World Resources Institute, 2005.



De onde veñen os gases de efecto invernadoiro?

Tradicionalmente compártese información acerca dos países que máis gases de efecto invernadoiro xeran, pero eses datos poden levar a confusión porque hai países cuxa industrialización, deforestación ou expansión agrícola serven para abastecer a outros países mediante exportacións de materias primas e produtos. Ademais, saber que o noso país é un gran emisor de gases de efecto invernadoiro non nos axuda a resolver o problema se non sabemos que produce eses gases.

Un enfoque que permite a cada persoa ser máis consciente do impacto humano sobre o quecemento global é o que relaciona as emisións de gases de efecto invernadoiro cos sectores produtivos. **Para que podamos deseñar proxectos de impacto na aula é clave coñecer que actividades humanas xeran máis gases de efecto invernadoiro.** Que información necesitamos sobre a xestión destas emisións na nosa contorna? Sobre cales delas teñen influencia os nosos hábitos de consumo? Cales non podemos evitar? Sobre cales podemos influír se nos unimos a outras persoas?

Integración curricular

O enfoque baseado no estudo do cambio climático nas materias de ciencias é útil para comprender o fenómeno, as súas causas e os seus efectos sobre o medio ambiente, pero non axuda por si só a capacitar ao noso alumnado para adoptar as estratexias de adaptación e mitigación necesarias para facer fronte aos problemas derivados do quecemento global. O cambio climático pode ser estudado desde outras materias e pódenos axudar no desenvolvemento de competencias global do noso alumnado.





Preguntas chave

Estas preguntas axudarache a desenvolver os conceptos chave da educación para o desenvolvemento en relación ao cambio climático.

Xustiza social

- É xusto que as persoas máis vulnerables sexan as máis prexudicadas polo cambio climático?
- É xusto para nós o legado ambiental que nos deixaron as xeracións precedentes? Será xusto o legado que deixemos nós?
- Como podemos evitar perpetuar a inxustiza interxeracional?
- Como afecta o cambio climático aos dereitos humanos?
- É xusto que haxa refuxiados climáticos?

Interdependencia

- As secas ou inundacións noutros países aféctannos? Como?
- Que efectos económicos, sociais e políticos pode ter o cambio climático?
- Que efectos teñen sobre o cambio climático os modelos económicos, os costumes sociais e as decisións políticas?
- Como afecta a deforestación ao quecemento global?

Resolución de conflitos

- Todas as persoas e grupos de interese están de acordo sobre o que hai que facer respecto ao cambio climático?
- Que conflitos de intereses crees que existen nesta situación?
- Crees que se pode chegar a acordos que beneficien a todos? Como o farías?

Imaxes e percepcións

- Que imaxe temos das persoas que traballan para frear o cambio climático e dos ecoloxistas? É esta imaxe compartida por toda a sociedade?
- Que imaxe temos das persoas que negan o cambio climático ou a posibilidade de frealo?
- Que estereotipos temos sobre o "bo tempo" ou o "mal tempo"? Que base teñen?

Cambio e futuro

- Como sería o presente se non houberse cambio climático? Notaríamos a diferenza?
- Como sería o mundo se a temperatura media fose 2 graos máis alta? E se subise 4 graos? Notaríamos a diferenza?
- Como sería o futuro se lográsemos frear o cambio climático?
- Partindo da situación actual, que se pode facer?
- Que futuros alternativos se che ocorren segundo as decisións que se tomen?
- Cal creo que será o meu impacto no mundo?

Libros para reflexionar sobre o clima

Varios libros e novelas de literatura infantil e xuvenil explican o cambio climático ou se desenvolven en contornas afectadas polo quecemento global ou desastres naturais. Algúns ensínannos a tomar acción, outros a empatizar coas persoas que ven perigar os seus medios de vida, outros fannos reflexionar sobre os nosos propios costumes ou lévannos a mundos distópicos que quizais non sexan tan afastados.

A través destes libros, nenos e nenas de diferentes idades poden entender este problema desde unha perspectiva emocional e de valores, que é clave para formar actitudes de protección do medio ambiente. Podes atopar unha selección de libros e achegar as túas propias suxestións en:

www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/literatura-xuvenil-cambio-climatico

A través destes libros, nenos e nenas de diferentes idades poden entender este problema desde unha perspectiva emocional e de valores



© UNICEF/UNI28338/Abramson

SABER MÁIS

Esta guía baseouse en varias publicacións de UNICEF e doutras organizacións. Se che interesa profundar en cuestións relacionadas coa educación para o desenvolvemento sustentable, a prevención de desastres na escola e os dereitos da infancia e o cambio climático, podes descargarlas (algunhas só están dispoñibles en inglés):

www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/publicacions-cambio-climatico-infancia

GOTA A GOTA!

Participa nas carreiras
2017-2018: solicita o teu dorsal en
www.unicef.es/gal/educa/gotas-para-nixer



Grazas a todos os centros educativos que organizaron unha carreira de gotas no curso 2016-2017! Cada achega é moi importante xa que a campaña Gotas para Níxer está a axudar a UNICEF a implementar programas de auga potable, saneamento e hixiene en todo o país:

En emerxencias: Debido á situación de inestabilidade provocada por Boko Haram e á xa existente crise de desprazados por mor das secas, UNICEF está a realizar un esforzo especial por dotar de auga, hixiene e saneamento os campamentos de refuxiados e desprazados.

Provisión de auga: Grazas á instalación de pozos nas aldeas, o 58% da poboación de Níxer ten acceso á auga potable (fronte ao 47% de 2007).

Saneamento e hixiene: As instalacións de saneamento e a educación en hixiene son fundamentais para evitar a propagación de enfermidades potencialmente mortais para a infancia, pero aínda só o 5% da poboación rural ten acceso a saneamento.



SABÍAS QUÉ...?

Cambio climático e seguridade alimentaria


A base da alimentación e da economía local en gran parte de África é a agricultura de secano (o 96% das terras cultivadas en África subsahariana son de secano). Isto significa que a produción agrícola depende das choivas. Se os pequenos agricultores non logran sacar adiante as súas colleitas a causa do cambio climático, a poboación rural verase obrigada a emigrar pola ameaza de fame extrema.



© UNICEF/UN029176/Phelps

Un neno camiña entre campos de painzo, en Kadazaki (rexión de Zinder, Níxer). O painzo, un cereal moi nutritivo, é a base da alimentación en Níxer.

© UNICEF/ Badre Bahaji



Aïta, 8 anos:

Aïta Abakar, de 8 anos, vive a beiras do lago Chad. Antes vivía nunha das illas do lago, pero tivo que fuxir a causa do terrorismo de Boko Haram. “Non coñezo outra cousa que a miña illa, a miña casa e a canoa do meu pai. A primeira vez que me fun da miña casa foi cando Boko Haram atacou o noso pobo. Non sei se volverei algún día”. Sabe que o lago Chad, que cando a súa avoa tiña a súa idade era o cuarto lago máis grande de África, está a encoller desde hai anos pola sobreexplotación e o cambio climático, e que podería desaparecer. Cando lle preguntan que poden facer os nenos para solucionalo exclama: “Non é xusto! Vostedes teñen que axudarnos. Quero que o lago exista sempre”.



CONSEGUE O TEU RECOÑECIMENTO!

CENTROS REFERENTES EN EDUCACIÓN EN DEREITOS E CIDADANÍA GLOBAL

Cada vez hai máis centros educativos comprometidos cos dereitos da infancia: para eles os dereitos vívense en cada decisión, en cada programa e en cada clase e son unha inspiración para toda a comunidade educativa.

Por iso decidimos recoñecer o labor destes centros e das persoas que fan posible o seu día a día creando unha distinción que os identifique como o que son: un referente na implementación dos dereitos da infancia na vida escolar.

O teu centro ten un proxecto de educación en dereitos e gustaríache que puidese obter o recoñecemento de UNICEF? Coñece os centros que xa o obtiveron e infórmate sobre como presentar a candidatura do teu centro á convocatoria do próximo curso en www.unicef.es/educa/centros-referentes

Non o esquezas!

Para a obtención do recoñecemento de nivel inicial é necesario que o equipo docente teña recibido formación en educación en dereitos. Infórmate sobre as próximas convocatorias de cursos en www.unicef.es/gal/educa/educacion-dereitos

Contactar

Para calquera dúbida ou aclaración sobre o proceso de implementación dun enfoque de dereitos no PEC, sobre a autoavaliación de centro, acerca dos recoñecementos ou para recibir gratuitamente as guías para o profesorado, podes escribir a educacion@unicef.es

UNHA ESCOLA QUE EDUCA EN DEREITOS

- Axuda aos seus estudantes para comprender os seus dereitos, a poñelos en práctica, a respectar os dos demais e a defendelos e promocialos.
- Contribúe a fortalecer un clima de respecto e participación que involucra activamente a todas as actividades do centro.
- Colabora coa contorna próxima do centro: as institucións, o barrio, o municipio, para o logro dun ámbito de protección da infancia para os seus estudantes, dentro e fóra da escola.
- Constrúe unha comunidade educativa activa e solidaria, orientada ao máximo desenvolvemento da infancia no centro educativo e en todo o mundo.

EN MARCHA CON FREDO FOX!

Fredo Fox, o intrépido reporteiro, realizou unha viaxe moi especial que o reuniu con algúns dos seus amigos máis próximos: os nenos e nenas de colexios e municipios españois. Mesmo foi entrevistado na radio! A nova tempada de *Sempre hai que axudar*, axúdanos a ver algunhas das opcións que temos ao noso lado para contribuír aos dereitos da infancia. Non é necesario viaxar moi lonxe para facer algo polos demais!



Ola! Son Fredo, reporteiro e superaxente dos dereitos da infancia.

Gústame moito ler, comer sandía e xogar no parque, pero sobre todo, encántame falar con nenos e nenas de todo o mundo e coñecer o que opinan.

Sabes unha cousa que me din todos eles?: Que lles gusta moito poder facer cousas para axudar aos demais e que cren que nunca se é demasiado pequeno para facer algo grande. Estou de acordo!

Algúns tamén me contaron que están preocupados porque o medio ambiente está cada vez máis contaminado e por como lles pode afectar o cambio climático a eles e a outros nenos e nenas. Sabías que un medioambiente saudable é un dereito de toda a infancia?

Como superaxentes temos a misión de protexelo.

Ubuntu!

Podes ver tanto esta como as anteriores tempadas das aventuras de Fredo Fox en www.unicef.es/gal/educa/aventuras-fredo-fox Non as perdas!

Edición

UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Diseño gráfico

Rex Media SL

ISBN: 978-84-942273-7-0

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enredate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

Este material foi producido no marco do convenio coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): “Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español”. O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



Esta publicación foi creada baixo unha licenza Creative Commons Atribución- NoComercial-SinDerivar 4.0 Internacional, salvo para aqueles contidos nos que expresamente se define outro tipo de licenza.

DATAS PARA ACTUAR

Ademais do **20 de novembro** hai outros días no calendario escolar nos que se poden traballar contidos e actividades relacionados cos dereitos da infancia e o medio ambiente:

30 de xaneiro: Día da Paz

22 de marzo: Día da auga

16 de setembro: Día Internacional da Preservación da Capa de Ozono

13 de outubro: Día Internacional para a Redución dos Desastres

22 de abril: Día Internacional da Nai Terra

22 de maio: Día Internacional da Diversidade Biolóxica

5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

17 de xuño: Día Mundial da Loita contra a Desertificación e a Seca

www.unicef.es/educa/dias-mundiales



www.unicef.es/gal/educa/



No teu municipio existe un consello de participación infantil e/ou adolescente?

Os contidos da guía e as súas actividades poden traballarse nas sesións co consello de infancia, para que nenos e nenas poidan compartir os resultados co seu alcalde ou alcaldesa.

FINANCIA:



COLABORA:

